

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2021/G007/000012.**

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar por medios telemáticos o vindeiro **xoves, día 14 de outubro de 2021, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1/130 RATIFICACIÓN DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

2/131 APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,